



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SEN TEITO DE APOIO A PERSOAS SEN FOGAR OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA, NO EXERCICIO 2026

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se se fixa a estrutura orgánica das consellerías; ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona M^a Mercedes Casanova Díaz, co NIF Q2866001G, presidenta do Comité Autonómico de Cruz Roja Española en Galicia, actuando en nome e representación da entidade, con sede na rúa Cruz Roja Española, 1, 15002, A Coruña, de conformidade co disposto no artigo 17.4 da Orde SCB/801/2019 de 11 de xullo de 2019, pola que se publica o texto refundido dos Estatutos de Cruz Roja Española (BOE núm. 178 do 11.07.2019) e no artigo 13.2 do Regulamento xeral orgánico de Cruz Roja Española.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto,



EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

III. Que en virtude da habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española e en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en virtude da cal correspóndelle á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do *Plan estratéxico de servizos sociais* e os plans e programas sectoriais. Esta mesma lei, no seu artigo 3 define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

IV. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e, consecuentemente, a atención das persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

V. Que o artigo 57.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.



VI. Tendo en conta os obxectivos e o carácter multidimensional da pobreza e da exclusión social, as estratexias galegas de Inclusión Social abordáronse desde unha formulación centrada en dar respostas globais e integradas que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando a máxima coordinación e proximidade territorial posible. As accións deseñadas dentro destas estratexias non poden esquecer o colectivo de persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, entendendo por tales aquelas persoas que carecen de residencia ou domicilio estable e que se atopen nunha situación socio familiar vulnerable, sen ingresos nin traballo e, en definitiva, en situación de exclusión social.

VII. Que Cruz Roja Española en Galicia é unha entidade de iniciativa social non gobernamental de recoñecida solvencia que, de conformidade co Real decreto 415/1996, de 1 de marzo, pola que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española, configúrase como unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado a través do agora Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030. No ámbito autonómico figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0023, regulado no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. (DOG nº 14 do 20.01.2012) .

VIII. No ano 2026 Cruz Roja Española en Galicia pon en marcha un programa de apoio ás persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema. A través deste programa a entidade realizará as actividades recollidas na cláusula primeira para atender este colectivo.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe.

Trátase de financiar un programa integral onde teñen cabida todas as formas de intervención precisas para minimizar os danos asociados á condición de persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, na procura da súa integración na rede de asistencia social. Na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, existe una dotación nominativa a favor da Cruz Roja Española en Galicia vinculada á partida orzamentaria 08.03.313C.481.4.

IX. De conformidade co previsto nos artigos 19.4.a.) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e cos artigos 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade Cruz Roja Española en Galicia aparece expresamente reflectida na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano



2026, como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Por todo isto, as partes comparecentes na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a desenvolver o programa de atención social integral para as persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema denominado "*Sen teito*", con atención ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto e actuacións

1. O obxecto deste convenio é a concesión directa dunha subvención pública por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a favor de Cruz Roja Española en Galicia, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para a posta en marcha do programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, denominado "*Sen teito*", que consistirá no establecemento de liñas de atención a estas persoas a través da intervención coordinada cun enfoque integral levada a cabo polos equipos técnicos da entidade, con capacidade de actuación en todo o territorio galego.
2. As actuacións a subvencionar desenvolveranse nos centros de Cruz Roja Española en Galicia, nos outros recursos da rede de atención específica ás persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema (albergues, centros de acollida, etc.) ou na propia rúa, e serán as seguintes:
 - a) Informar e derivar cara aos servizos comunitarios pertinentes, como son os centros de día para estas persoas, que permitan fortalecer a súa rede social.
 - b) Proporcionar orientación e asesoramento social e legal que permita regularizar a súa situación administrativa e o acceso a axudas e recursos sociais.
 - c) Acompañamento social e mediación social no acceso a recursos públicos e privados.





d) Desenvolvemento das accións de acompañamento especializado para a inclusión social ou socio-laboral, mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria e prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema.

e) Apoio específico e acompañamento técnico para a inclusión social ou socio-laboral das persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema susceptibles de acceder a prazas residenciais do sistema público por mor dunha situación de emerxencia social.

f) Entrega de axudas económicas para a tramitación e obtención de documentación administrativa (pasaporte, Dni/Nie, homologacións, certificacións, tarxetas sanitarias, traducións ou taxas administrativas).

g) Dar continuidade ás actuacións que vén desenvolvendo a Cruz Roja Española en Galicia encamiñadas a concienciar a sociedade acerca da realidade e da problemática das persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema. Estas actuacións serán accións personalizadas nos recursos sociais existentes en Galicia, como albergues, cociñas económicas ou xornadas de concienciación e de traballo, utilizando os coñecementos e recursos que a entidade ten na comunidade.

Para os efectos da concesión da subvención a través deste convenio terán a consideración de persoas sen fogar todas aquelas persoas que carezan, ou non teñan, un aloxamento digno, estable e axeitado e cumpran os restantes requisitos do artigo 3.1 I) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Inclúirase tamén aquelas persoas que viven en infravivendas, entendendo por tal as que están nunha vivenda de estrutura temporal, aloxamento indigno e/ou amontoamento extremo.

SEGUNDA. Orzamento do programa a subvencionar

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio ascende a un total de cento sesenta nove mil, novecentos cincuenta euros (169.950,00 €) dos que a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a totalidade dos cento sesenta nove mil novecentos cincuenta euros (169.950,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.313C.481.4 e código de proxecto 2016 00166, da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos, cubrindo os seguintes gastos, detallados na memoria económica:



- a) Gastos de persoal.
- b) Material non inventariable.
- c) Subministros.
- d) Axudas a persoas beneficiarias do programa.
- e) Auditoría.

A subvención recibida a través deste convenio é compatible coa percepción doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe do programa subvencionado.

TERCEIRA. Gastos subvencionables

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2026.

2. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade beneficiaria relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal, que comprenderá:

1º) Gastos do persoal de carácter directo, necesarios para a execución das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas coas actuacións que conforman o programa subvencionado. A identificación do programa, no caso de persoas traballadoras por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución do programa, ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación deixarase constancia documental das horas efectivamente consumidas polos/as traballadores imputables ao programa especificando as súas dedicacións horarias a este, nun documento asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo. Así mesmo poderá comprender en relación a traballadores/as contratados pola entidade, as retribucións totais correspondentes á execución de actuacións que conforman



o programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

2º) Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento do programa, pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos esixirá a prorrata ao programa, de acordo a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización destes gastos, en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

3º) As axudas de custo e gastos de viaxe que se rexerán na súa contía pola normativa establecida no convenio colectivo da Cruz Roja Española- Asamblea Provincial A Coruña 2022-2027, publicado no Boletín Oficial da Provincia, nº 193 de 11 de outubro de 2022.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención que comprenderán: gastos do alugueiro debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado ao programa, gastos de material e outros necesarios para execución das actividades. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente ao programa e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables ao programa a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente pola Consellería de Política Social e Igualdade.

c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización das actuacións do programa subvencionable, os de administración específicos e os gastos de auditoría, só serán subvencionables se están directamente relacionados coas actuacións subvencionadas ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución destas. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada para esta subvención a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso, e os de mantemento da mesma.

d) Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas do desenvolvemento das actuacións subvencionadas.



e) Os gastos de emerxencia social, sempre que se poida acreditar que están vencellados a un proceso de inclusión persoal dos recollidos na letra d) da cláusula primeira, e no caso de que se precisen para acadar a situación de inclusión residencial. Estes gastos destinaranse a gastos sanitarios (farmacéuticos, médicos ou ortopedia), axudas para o aloxamento, axudas de manutención, axudas para roupa, transporte ou traslados, axudas económicas para a obtención ou regularización de documentación ou axudas para produtos de hixiene persoal.

f) Se a entidade Cruz Roja Española en Galicia estivese na obriga de auditar as contas anuais por auditor externo á propia entidade, os gastos de auditoría deberán axustarse aos subvencionados a través do presente convenio e, de non facelo, a auditoría poderá ser realizada por outra firma auditora que se axuste ao devandito importe.

CUARTA. Inexistencia de relación laboral

A entidade contará con persoal suficiente, xa propio, xa contratado, para a realización das actuacións do programa obxecto do convenio.

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no seu desenvolvemento.

QUINTA. Obrigas de Cruz Roja Española en Galicia

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, Cruz Roja Española en Galicia deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, entre os que se atopan:

a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento; non ter solicitado a declaración de concurso, nin ter sido declarada en concurso agás que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio; non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.



c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os seus administradores ou aqueles que ostenten a súa representación legal, en ningún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar as actuacións ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. No ámbito da comunidade autónoma, debe facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención da Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.



d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 desta lei.

3. A entidade deberá manter debidamente actualizados os datos relativos ás persoas beneficiarias, así como das actuacións desenvolvidas, e poñelos á disposición do órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade, cando lle sexan requiridos.

4. A entidade deberá remitir, no prazo de dez días, os informes e demais documentación que sexan solicitados polo órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade.

5. A entidade deberá adecuar a metodoloxía das actuacións, así como os procedementos de recollida e tratamento dos datos de seguimento e de acreditación da súa realización, ás indicacións que, de ser o caso, estableza a Consellería de Política Social e Igualdade.

6. A entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. Xustificación

1. Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano



2026, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

De acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación da realización das actuacións obxecto do programa realizarase a través de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada na que se reflicte unha relación de gastos da persoa acreedora, importe e data de pago e, se é o caso, outros ingresos que financien as actividades, con achega dun informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade beneficiaria axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo disposto neste convenio. A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

a) O cumprimento por parte de Cruz Roja Española en Galicia das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

b) A adecuada e correcta xustificación da subvención percibida por parte da entidade beneficiaria.

c) A realidade e a regularidade da operación financiada.

d) O adecuado e correcto financiamento das actividades que forman parte do programa subvencionado.

3. O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso, o dito informe conterá a seguinte comprobación:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria ou persoa con capacidade xurídica legal para realizar esta representación, debendo anexar ao informe, unha copia dela selada pola persoa auditora.



b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.

d) A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actuacións obxecto do programa subvencionado. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien estas actuacións deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

e) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao programa gardan unha relación directa con el e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

3º Que a entidade utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados e derivados das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.

4º Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

5º Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado as actuacións obxecto do programa subvencionado e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

6º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica como fotografías, fotocopias ou captura de pantallas do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.



4. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 18 de decembro de 2026, agás que se trate de gastos de 2026 correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a dita data de xustificación; neste caso, o prazo de xustificación poderá comprender ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

A Comunidade Autónoma reservarase a posibilidade de esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade a esta data en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de cerramento do exercicio 2026.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Para o pagamento estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento do programa obxecto de subvención, cuxo contido se detalla na cláusula sexta. O pagamento levarase a cabo mediante un pago único, sen anticipos nin pagos fraccionados.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. Comisión de Seguimento

Para o seguimento e coordinación das actuacións que conforman o programa a subvencionar previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do mesmo.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política



Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Cruz Roja Española en Galicia designados por cada unha das persoas asinantes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de inclusión social.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado esta comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. Causas de resolución

1. De conformidade co artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:

a) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, das actividades ou accións ou non adopcións do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

c) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se executen as actuacións que conforman o programa obxecto da subvención.

d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

e) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño procedendo, se fose o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando sumadas superen o custo total das actuacións que conforman o programa a subvencionar, poderá dar lugar á modificación do convenio sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e, de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia e efectos

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, non obstante, estenderá os seus efectos aos gastos do programa realizados dende o día 1 de xaneiro de 2026.

DECIMO SEGUNDA . Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.



Se o acto fora expreso poderá formular un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso–administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DECIMO TERCEIRA . Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DECIMO CUARTA . Información básica sobre protección de datos persoais



As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable, de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e, en concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de
Política Social e Igualdade

Fabiola Garcia Martínez

A presidenta do Comité Autonómico de
Cruz Roja Española en Galicia

M^a Mercedes Casanova Díaz

